

REGULAMENTO DE PRIMARIAS

Sadamaioría seguirá a ser o espazo de confluencia cidadá de cara ás eleccións municipais do ano 2019, cun proceso de Primarias no que está chamada a participar toda a cidadanía sadense, verdadeira protagonista da vida municipal. O presente regulamento procurará:

Dar transparencia ao proceso en todas as súas fases.

Dar reflexo da pluralidade de persoas que integran Sadamaioría.

Ofrecer un trato igualitario e xusto para todas as persoas que concorran ao proceso de elección.

Garantir a participación cidadá no proceso de elección.

Establecer un sistema de garantías axeitado que asegure o seu cumprimento.

1. CENSO.

a. Quen pode votar ?

1. No proceso de primarias de Sadamaioría terá dereito a voto toda persoa maior de 16 anos que resida no municipio de Sada, ou que teña vinculación directa co municipio.
2. Durante o proceso de votación, presencial no local de Sadamaioría, requirirase acreditación suficiente que garanta o anterior punto.
3. Sadamaioría obrígase a manter a condición de segredo do voto e ao cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

2. ASPIRANTES.

a. Quen pode presentarse?

1. Terán a condición de candidatas todas aquelas persoas que cumpran cos requisitos recollidos nos artigos 6, 177 e 178 da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral.

b. Que requisitos debe cumprir un ou unha aspirante?

Son requisitos imprescindíbeis para a presentación de candidaturas os seguintes:

1. Ter asinado o Manifesto de Sadamaioría unha semana antes da presentación da candidatura a estas primarias, como compromiso de cumprimento dos seus obxectivos políticos.
2. Manifestar por escrito un compromiso de cumprimento do Código Ético de Sadamaioría.
3. Non estar inmersa en causas de incompatibilidade coa normativa de Sadamaioría.
4. Xustificar documentalmente a súa residencia ou vinculación con Sada en, polo menos, seis meses dos últimos cinco anos.

c. Que criterios poden excluír un ou unha aspirante?

Non posuirán a condición de elixíbeis as persoas que, ademais das causas legais de incompatibilidade ou de inelexibilidade, se atopen nalgunha das seguintes situacións:

1. As persoas que formaran parte de candidaturas distintas á de Sadamaioría que concorren ás eleccións municipais do mes de maio de 2015.
2. As persoas imputadas por delitos relacionados con corrupción, prevaricación, tráfico de influencias, enriquecemento inxusto con recursos públicos ou privados, suborno e malversación ou apropiación de fondos públicos, sexa por interese propio ou para favorecer a terceiras persoas.
3. As persoas en situación de imputación xudicial por delitos de racismo, xenofobia, violencia de xénero, homofobia ou outros delitos ecolóxicos ou contra os dereitos humanos ou os dereitos das persoas traballadoras.
4. En calquera caso, as persoas que se atopen nalgunha das situación que o Código Ético de Sadamaioría contempla como causa de cese ou dimisión.

Aos efectos do sinalado neste apartado, enténdese por imputación a resolución xudicial na que, de feito motivado, se conclúa a apreciación suficiente de indicios racionais da perpetración dos delitos antes sinalados.

d. Que compromisos asume a persoa aspirante?

Ademais dos sinalados no apartado b) anterior, o cumprimento estrito do presente Regulamento.

e. Que compromisos asume Sadamaioría coa persoa aspirante?

1. Trato igualitario na difusión da súa candidatura.
2. Garantía de igualdade de oportunidades.
3. Posta a disposición da persoa candidata de recursos telemáticos (web e redes) para a promoción da súa candidatura.
4. Respecto pola intimidade da persoa candidata, difundindo só os datos que desexe publicar e os meramente obrigatorios.

f. As candidaturas serán individuais ou en listas?

As candidaturas son individuais, isto é, unipersoais.

3. IGUALDADE DE XÉNERO.

a. De que xeito garantimos a participación en igualdade?

1. A lista resultante deberá cumprir criterios de paridade (50%), en cremalleira.
2. Con dinámicas inclusivas (horarios, etc) e ferramentas que faciliten tanto a participación política das mulleres como daquelas persoas con diversidade cultural, funcional e afectivo-sexual.
3. Con programación inclusiva, tanto da campaña como de todo o procedemento de primarias, con ferramentas e dinámicas que non exclúan ás persoas nin polo seu xénero nin pola súa diversidade cultural, funcional ou afectivo sexual.

4. ARBITRAXE.

a. Que órgano supervisa o procedemento de primarias?

1. Crearase un órgano de supervisión do procedemento de primarias denominado Comisión Electoral.

b. Como se conforma?

1. Confórmanse tres persoas escollidas pola Asemblea de entre os seus membros baixo criterios de coñecemento de procesos electorais, confianza e dispoñibilidade, garantindo en todo caso a paridade de xénero na composición deste órgano. As persoas que conformen o órgano non poden candidatarse no proceso de primarias.

2. A Comisión electoral constituirase formalmente na semana anterior á data de comezo do prazo de presentación de candidatas, isto é, o 11 de febreiro de 2019.

c. Que funcións ten?

1. Garantir o cumprimento deste Regulamento.

2. Facer cumprir os prazos das primarias aprobados pola Asemblea.

3. Garantir a igualdade de oportunidades durante o proceso de campaña.

4. Proclamar as candidaturas presentadas.

5. Resolver as distintas queixas, denuncias e irregularidades que se manifesten durante o proceso de primarias.

6. Interpretar baleiros do presente Regulamento.

7. Presidir a mesa de votación, realizar o escrutinio (que será público), e proclamar os resultados.

d. Como adopta as decisións?

1. O órgano de arbitraje adoptará as súas decisións por consenso. No caso de que o devandito consenso non se produza, a maioría simple será determinante.

5. POSTOS A ELIXIR.

a. Á hora de votar, sobre cantos postos da candidatura podemos decidir? Sobre a lista completa ou sobre unha porcentaxe dos postos?

A votación decidirá os 9 primeiros postos da candidatura (incluído o da persoa candidata á Alcaldía). No caso dos postos 2 ao 9, cada persoa poderá votar por un máximo de 6 candidatos/as, que serán ordenados pola votante de 1 ao 6 por orde de preferencia.

Unha vez realizada a votación e o escrutinio, ordenaranse os postos en orde decrecente segundo a suma da puntuación acadada nas papeletas válidas de votación e segundo a orde que figura nas mesmas (6 puntos para o primeiro, 5 para o segundo, e así sucesivamente).

Aos efectos de garantir a paridade en cremalleira despois de realizada a votación e escrutinio, aplicarase, no seu caso, corrección de xénero para o ordenamento dos postos 2 ao 9, e en función da puntuación obtida.

No suposto de que, tendo en conta a relación de persoas candidatas, non poda acadarse

o resultado de paridade (lista cremalleira), os postos que, como consecuencia, quedasen vacantes serán cubertos por persoas designadas posteriormente pola Asemblea, de acordo co previsto no apartado c).

b. Vótase por separado o/a cabeza da lista?

Si; o/a candidato/a á Alcaldía vótase por separado, con papeleta e urna independentes, e na mesma data e horario que para o resto dos postos 2 ao 9.

En caso de haber máis dun candidato/a a encabezar a lista, a votación realizarase en distinto día á elección dos 8 primeiros postos restantes para garantir os dereitos de todas as persoas candidatas. As persoas candidatas a encabezar a lista terán que comunicar no momento de presentar a súa candidatura se, no caso de non seren elixidas, desexan presentarse ás primarias nos postos do 2 ao 9.

c. Como se configura o resto da lista?

1. O resto dos postos (do 10 en diante), incluídos os suplentes, serán ocupados por persoas designadas pola Asemblea baixo o criterio de paridade.

6. CAMPAÑA ELECTORAL DAS PRIMARIAS.

a. Dereitos e deberes das persoas candidatas.

a. 1. Dos dereitos das persoas candidatas:

1. As persoas candidatas teñen dereito a recibir un trato igualitario por parte de Sadamaioría durante os sete días de campaña electoral.

2. Dereito a acudir ante a Comisión Electoral para denunciar as irregularidades que considere gravosas para o proceso.

3. Dereito a un espazo dentro das ferramentas telemáticas facilitadas por Sadamaioría para a promoción de candidaturas. No devandito espazo, poderán publicitar os motivos da súa candidatura mediante textos e fotografía. Cada unha das persoas candidatas estará representada por unha fotografía, un breve texto non superior aos 140 caracteres e un texto maior de 500 caracteres onde poderá expresar a súa visión persoal e por que cre que debe ser merecedora do voto no proceso de primarias. A presenza das candidaturas nestes espazos terá unha orde aleatoria. Así mesmo, os medios dixitais propios de Sadamaioría enlazarán —se a persoa así o desexa— aos perfís persoais na rede das persoas candidatas, facilitando que a cidadanía interesada en participar no proceso de primarias poida interpelalos directamente.

4. Dereito á promoción da súa candidatura nos seus perfís propios de redes sociais. Así mesmo os medios dixitais propios da Sadamaioría enlazarán —se a persoa así o desexa— aos perfís persoais na rede das persoas candidatas facilitando que a cidadanía interesada en participar no proceso de primarias poida interpelalos directamente.

a. 2. Dos deberes das persoas candidatas.

1. Deber de gardar o debido respecto polo resto de persoas candidatas centrando as súas mensaxes en aspectos exclusivamente políticos e en ningún caso empregando descualificacións persoais nas súas redes sociais, na difusión ou nos actos de promoción da súa candidatura.

2. Deber de actuar acorde a este Regulamento e ás resolucións da Comisión Electoral.

b. Como se garante a igualdade de oportunidades?

1. Está prohibida a difusión de candidaturas mediante publicidade en medios de comunicación.
2. Sadamaioría ofrecerá a todas as candidaturas presentadas o mesmo peso dentro da comunicación tanto interna como externa.
3. A Comisión Electoral emitirá unha serie de consideracións que serán recibidas por cada persoa candidata no momento de candidatarse para coñecer como pode levar a cabo a promoción da súa opción.

7. SISTEMA DE VOTACIÓN.

a. Que sistema de votación se empregará?

O sistema empregado será a votación presencial, onde a electora ou elector emite o seu voto nunha papeleta onde marca as/os candidatas/os da súa elección.

Se do recuento resultase un empate para cubrir algún dos postos, realizarase un sorteo para dirimir que candidato/a pasa a ocupalo, sen prexuízo da aplicación preferente do criterio de paridade de xénero, de ser o caso.

8. CORRECCIÓN DAS LISTAS.

a. Aplicaranse criterios de corrección de xénero na lista ademais dos que prescribe a lexislación vixente?

A lista resultante do proceso de primarias debe ser necesariamente presentada en paridade.

b. Aplicaranse outros criterios de corrección?

Non.

Documento aprobado pola Asemblea Xeral, en sesión ordinaria, o 19 de novembro de 2018.